

Boas de novo familia!

A proposta para esta semana é a seguinte:

ACTIVIDADE 1: SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

O domingo 17 de maio conmemórase o día das Letras Galegas, no que se homenaxea a figura de Ricardo Carvalho Calero. Por iso, esta semana as actividades impresas serán todas relacionadas con este autor e a súa obra.

Desde o seminario Galán, tamén ofrecen unha serie de actividades dixitais, algunhas máis sinxelas ca outras. Se vos apetece facer algunha, podedes atopalas no seguinte enlace <http://seminariogalan.org/inicio/ver/460>. As que non vos gusten ou vos parezan máis complexas podedes saltalas dándolle na flechiña para diante.

Por outra banda, no seguinte enlace atoparedes un “escape room” das Letras Galegas por se vos apetece xogar cos peques.

<https://view.genial.ly/5eb042186f16bf0d194d52c8/presentation-letras20?fbclid=IwAR3-bDcuyV65iQexNjBD1HbMk4C9ow-C5NEF0TBTsmOommwoLcXdX9W3IHs>

Por último, dicirvos que Feiraco propón un concurso infantil de artes plásticas para celebrar as Letras Galegas, déixovos o enlace por se vos apetece participar.

<https://feiraco.es/ninos/i-certamen-infantil-de-artes-plasticas-feiraco-2020/>

RESUMO BASES:

- Categoría infantil 3 a 6 anos. Representados polo pai/nai.
- Prazo do 7 ao 31 de maio
- Temática “PRIMAVERA DAS LETRAS”
- Máximo 3 obras por neno/a
- Liberdade para empregar a manifestación artística que desexen: manualidade, pintura ou debuxo (lapis, ceras, témperas, acuarela, técnica “colaxe”, etc), obra gráfica, escultura, técnica combinada...
- Autorización dos pais/titores legais.

- Premio: 4 entradas para o Parque Marcelle Natureza; patinete de 2 rodas da marca Decathlon e un lote de libros cedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Valor total do premio: 250 euros.

4º EDUCACIÓN INFANTIL



RICARDO CARVALHO CALERO




Ricardo Carvalho Calero foi un gran escritor galego.
Naceu na cidade coruñesa de Ferrol e era o maior de seis irmáns.
Seus pais eran M.^a Dolores e Gabriel Ricardo.
De pequeno estudou en dúas escolas da súa cidade e de maior marchou a estudar a Compostela.
Defendeu o idioma galego, escribiu moitos libros no noso idioma e traballou en moitas revistas galegas.

Un dos seus libros máis famosos para os nenos e nenas é *As pitas baixo a choiva*.
Neste libro Ricardo conta unha cousa que lle pasou de pequeno cando quería recoller as galiñas que se mollaban coa choiva e acabaron todos mollados como pitos: as galiñas, el e toda a súa familia.

Este ano 2020 a Real Academia Galega dedicalle o Día das Letras, polo seu traballo en defensa do idioma galego e da nosa cultura.

1.- REPASA O NOME DO HOMENAXEADO E DEBÚXAO.




R I C A R D O

C A R V A L H O


C A L E R O

2.- RICARDO FOI UN GRAN DEFENSOR DO IDIOMA GALEGO. COLOREA AS DÚAS PALABRAS QUE MÁIS CHE GUSTEN DO NOSO IDIOMA.



MIÑOCA

MOUCHO



ORBALLO







XOANIÑA

RAPOSO



4.- COMPÓN O CREBACABEZAS COA CARICATURA DE RICARDO.



5º EDUCACIÓN INFANTIL _____



AS PITAS BAIXO A CHOIVA RICARDO CARVALHO CALERO


Moito quería eu os animais.

No curro pasaba unha gran parte do meu tempo ollando para as galiñas. Víaas escaravellar na terra, en procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min, e eran tan estreitas as relacións entre eu e elas, que cheguei a coidar que nos comunicabamos co pensamento.


1.- DEBUXA TRES ANIMAIS E ESCRIBE POR QUE LETRA EMPEZAN.

2.- ORDENA O PROCESO DE NACEMENTO DUN PITO.


1	2	3	4	5
---	---	---	---	---



6.- ARRODEA AS CINCO DIFERENZAS.




8.- CANTOS OVOS PUXO A GALIÑA? COLORÉAOS.



A GALIÑA PUXO OVOS

12.- ARRODEA E COLOREA O VERME E A MIÑOCA.



ACTIVIDADE 2: PASTA DE SAL en FAMILIA

Esta semana, concretamente o venres 15, tamén se conmemora o día da familia. Para celebralo propoñovos facer pasta de sal en familia, e que cada un de vós: nenos, irmáns, papis,... (en definitiva, todos os da casa aos que vos apeteza participar) fagades unha ou varias figuriñas para regalarvos entre vos. Podedes usar moldes de plástic, corta galletas,... formar os vosos nomes ou modelar o que máis lle guste a cada un.

Con esta actividade traballamos a motricidade fina, a creatividade, así como tamén nos serve para expresar sentimentos e pasar un rato divertido en familia.

NECESITAMOS:

- 2 medidas de fariña
- 1 medida de sal fina
- 1 medida de auga quente
- Opcional: pinturas, pincéis, moldes e complementos para decorar (brillantes, plumas, cordóns...)

****En función das persoas que participades a medida pode ser unha taza, un tupper,... o tamaño da medida decidídelo vós, pero debe respectarse sempre a proporción indicada de ingredientes.**

PASOS:

Os pasos 1 e 2 debe facelos 1 adulto.

1.- Xuntamos a fariña e o sal, vertemos a auga quente pouco a pouco por riba, removendo ata conseguir unha masa uniforme.

2. – Amasamos ata que deixe de estar pegañenta (se vemos que se pega moito, engadimos un pouco máis de fariña e auga a partes iguais. Se queda moi seca podemos engadir un chisco máis de auga).

3.- Cando a masa estea lista podemos facer con ela todo tipo de figuras.

4.- Tras facer as nosas figuras temos 2 opcións:

- Seguir creando formas reutilizándoa (pódese gardar na neveira nun tupper)

- Conservar as nosas creacións meténdoas no forno a 100º c uns minutos (o tempo dependerá do grosor das figuras). Unha vez secas podemos pintalas e decoralas ao gusto.

ACTIVIDADE 3: EXPERIMENTO “A AUGA QUE NON SE CAE”

Esta semana volveremos a utilizar a auga para poñer a pensar aos pequenos, invitándoos a formular hipótesis sobre que pasará ou que non pasará se enchemos un vaso de auga, o cubrimos cun papel e lle damos a volta. Caerá a auga, non caerá? que pasa se movemos o papel un pouco? e se o movemos máis?

NECESITAMOS:

- Un recipiente grande (un barreño, fonte fonda,...)
- Un vaso
- Auga
- Un anaco de folio que cubra a superficie do vaso.
- Opcional: un boneco para colocar debaixo do vaso para comprobar se se duchará ou non ao voltear o vaso.

No seguinte enlace podedes ver a demostración do experimento:

<https://www.youtube.com/watch?v=xq6tPsvJhWs>

FELIZ SEMANA FAMILIA!